

Modelo de empresa singular


102-1; 102-2; 102-5; 102-7

EROSKI é o primeiro grupo de distribución comercial de bens e servizos de gran consumo de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A sociedade matriz do Grupo é a cooperativa de consumo EROSKI S. Coop., que cumpre cunha condición tripla: é unha empresa de distribución, unha organización de consumidores e un proxecto cooperativo no que as persoas consumidoras e traballadoras comparten protagonismo e soberanía.

Este singular modelo de empresa permítenos reunir a participación directa dos profesionais na xestión da

organización e a incorporación no goberno do noso principal grupo de interese: a nosa clientela. Deste xeito, aseguramos o vínculo e a coordinación entre a estratexia específica da empresa e as demandas dos traballadores e consumidores en xeral. Actualmente, o desenvolvemento e a xestión da rede comercial dos nosos negocios realízase a través da cooperativa e das outras 26 sociedades dependentes dela que conforman o Grupo EROSKI e que se consolidan nos estados financeiros. A listaxe destas sociedades recóllese no capítulo de transparencia da presente memoria, así como a relación de cada unha delas cos aspectos presentados neste documento.

Organigrama das 27 sociedades do Grupo EROSKI e porcentaxe de participación de EROSKI S. Coop.:



102-2; 102-6

Debido á nosa busca dunha maior calidade e excelencia nos produtos e servizos que ofrecemos, dentro do Grupo EROSKI existen varias entidades especializadas en liñas de negocios e zonas xeográficas concretas, entre as que destacan:



CAPRABO é a compañía de supermercados de referencia en Cataluña. Fundada no ano 1959, é a empresa de supermercados máis antiga de España cunha rede que abrangue zonas estratégicas de Cataluña e Andorra. Dende 2007, CAPRABO forma parte do Grupo EROSKI la compañía de supermercados de referencia en Cataluña.



VEGALSA-EROSKI, participada ao 50 % pola familia González Prieto e EROSKI, forma parte do Grupo EROSKI desde 1998 e é o referente da distribución comercial en Galicia. Na actualidade, tamén desenvolve a súa actividade nas comunidades limítrofes de Asturias e Castela e León, onde conta cunha forte implantación.



EROSKI conta coa súa propia axencia de viaxes, Viajes EROSKI, que, ademais da súa actividade no sector vacacional, conta cunha posición destacada nas viaxes de empresa e a organización de congresos, a través das súas marcas Travel Air e Travel Air Events.



FORUM SPORT é a enseña de deportes do GRUPO EROSKI. Con 25 anos de experiencia na venda especializada de material deportivo e presente en 10 comunidades autónomas, a cadea mantén un ritmo de crecemento positivo.

